


GUÍA PARA PUBLICACIÓN DE NOVAS NA PÁXINA DO CENTRO.

Título


- Minúsculas (as maiúsculas quedan reservadas para comunicacións de dirección).
- Sen punto final.
- Tratar de que non ocupe máis de unha liña.

Corpo

- **Fonte:** deixar a que aparece **por defecto**.
- **Tamaño:** **por defecto**.
- **Aliñamento:** **xustificado**.
- Extensión: como norma xeral, o que ocupe o lateral da imaxe e, como moito, un parágrafo máis.
Se se quere introducir máis texto, usar a opción do editor:  Ó publicar permanecerá visible o texto que se escribira antes da icona e quedará oculto o que estea despois. A parte oculta da publicación será accesible premendo no texto “Seguir lendo”, que se xera automaticamente na parte inferior da nova.
- Evitar chamadas de atención (letra en cor, grosa, cursiva, suliñada ou en maiúsculas, emoticonas, etc.), salvo naquela información que sexa importante resaltar.
- Evitar Copiar+Pegar doutro texto, xa que modifica o interliñado que hai por defecto.

Imaxe

- Se é posible, buscar cores que harmonicen cas da plantilla da páxina.
- **Horizontal: lonxitude máxima 190.** Altura, arredor de 120, variable para o encaixe o texto.
- Vertical: lonxitude 140. Altura proporcionada e variable segundo requira o encaixe do texto.
- **Peso: inferior a 80 KB.** para evitar o “efecto persiana” na imaxe ó cargar a páxina.
- Pode facerse unha ligazón sobre a imaxe a un documento, unha web ou á propia imaxe nun tamaño maior.
- **Aliñamento esquerda**
- **Espazo horizontal: 10**
- **Espazo vertical: 0**, salvo se é necesario darlle algún valor para mellorar o encaixe do texto.



Insertar/editar imaxe - Mozilla Firefox

www.edu.xunta.gal/centros/iespedraaguia/sites/all/libraries/nyymce/jscri 200%

Insertar/editar imaxe

URL da imaxe

Descrición da imaxe

Aliñación

Dimensión x

Borde

Espazo vertical

Espazo horizontal

Publicación: Promocionar á páxina principal (sen escoller “Pegañento ó comezo”) e publicar tamén no apartado Actividades/trimestre correspondente.